

## CRUCES, CRUCEIROS E PETOS DE ANIMAS DO MUNICIPIO DE LUGO (III)

*Por Fernando Arribas Arias,  
Antonio Reigosa Carreiras  
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez*

### **PAPELETA N.º 34: LUGO**

**Ubicación:** Na Tolda de Castilla, á beira da estrada.

**Orientación:** Non recollida.

**Descrición:** Trátase dun peto de ánimas feito en cantería. Consta dun fornelo, protexido por unha verxa, e formado por un arco apuntado que cobixa unha pequena imaxen —que non é a orixinal— de San Antonio.

Unha cornisa, que sigue o arco do fornelo, delimita a parte superior do peto, atopándose na mesma unha inscrición que di: “ANIMAS Y S. ANTONIO”.

Unha sinxela cruz coroa o conxunto.

**Historia:** Descoñecida.

### **PAPELETA N.º 35: STA. MARIA DE MUXA**

**Ubicación:** No lugar de O Cruceiro, nunha intersección de camiños a unos cincuenta metros da igrexa parroquial.

**Orientación:** Noreste-Suroeste.

**Descrición:** Érguese este cruceiro de granito sobor dun penedo de grandes proporcións e coa superficie superior aplanada.

A basa ten forma troncopiramidal, afincándose na mesma un fuste de sección cadrangular nos extremos e octogonal no resto. O fuste remata nun rudimentario e exiguo capitel que sostén unha cruz de tipo céltico semellante ás dos panteóns dos cementerios da zona.

**Historia:** Según información do párroco D. Manuel Flores Castro, o cruceiro está enclavado nun lugar de parada dos enterros. A cruz foi destruída en tempos da República, substituíndoa posteriormente pola actual que se colocou no primitivo fuste.

**PAPELETA N.º 36: SANTA MARIA DE MUXA**

**Ubicación:** No lugar de Eirexe, ó pe dun camiño.

**Orientación:** Noroeste-Sureste.

**Descripción:** Cruceiro de granito de características moi sinxelas. Consta dun basamento cadrangular practicamente soterrado sobor do que se ergue un robusto varal coas aristas rebaixadas a excepción do extremo superior. O capitel formado por unha moldura en nacela e un ábaco, sirve de soporte a unha rústica cruz grega non rigurosamente simétrica.

**Historia:** Descoñecida.

**PAPELETA N.º 37: PEDREDA**

**Ubicación:** A escasa distancia do lugar de Pedreda, na beira dun camiño, no valado dunha finca propiedade de Manuel Abelairas.

**Orientación:** Noroeste-Sureste.

**Descripción:** Cruz de granito de grandes dimensións (137 cm. de altura), formada por dúas pezas. A inferior que constitúe o pé da cruz, presenta unha sección octogonal que se volta cadrangular denantes de chegar a intersección cos brazos. Estes, xunto coa cabeceira, integran a segunda parte da cruz, atopándose os brazos reforzados por un listón de ferro. A súa sección é cadrangular somentes nos extremos, xa que o resto das aristas están rebaixadas.

**Historia:** Probable resto dun "Via Crucis", hoxe desaparecido.

**PAPELETA N.º 38: SAN VICENTE DE PIAS**

**Ubicación:** No lugar denominado "O Cruceiro", na intersección dun camiño cunha pista.

**Orientación:** Non recollida.

**Descripción:** O basamento deste cruceiro de granito é circular, arrancando do mesmo un fuste ou varal, coas aristas rebaixadas no tramo central, que remata nun capitel composto por dúas molduras (de toro e nacela, respectivamente), coroadas por un cimacio. No lugar da cruz orixinal foi colocada recentemente unha de már-mol, de extremos octogonais, que rompe a armonía do conxunto.

**Historia:** O emplazamento actual do cruceiro non é o orixinal. Según testemuñas dos veciños a primitiva cruz foi roubada hai unhas trinta anos e tiña efixies.

Nas festas, a procesión daba a volta ó redor do cruceiro.

**PAPELETA N.º 39: SANTIAGO DE PIUGOS**

**Ubicación:** No cementerio do adro da igrexa.

**Orientación:** Este-Oeste.

**Descrición:** Trátase dun cruceiro de granito sen basa. O varal é octogonal, rematando nun collarino que da paso a un capitel formado por varias molduras.

A cruz, con basa cónica de perfil en talón ou cima reversa, presenta as aristas rebaixadas.

Os extremos dos brazos e a cabeceira non son planos, senón que ofrecen unhas formas sobresaintes de sección circular.

**Historia:** Descoñecida.

**PAPELETA N.º 40: S. LORENZO DE RECIMIL**

**Ubicación:** Nun cruce de pistas, sobor dun valado.

**Orientación:** Suroeste-Noreste.

**Descrición:** Cruz de madeira, cos brazos e cabeceira moldurados, que substitue a unha primitiva de pedra. A basa de forma circular é de granito.

**Historia:** A cruz emplazouse no lugar da morte dunha persoa; sen que fose posible precisar máis.

**PAPELETA N.º 41: S. LORENZO DE RECIMIL**

**Ubicación:** Incrustada nun valado, á beira da pista de Recimil a Marce, no lugar denominado “O muiño vello”.

**Orientación:** Non recollida.

**Descrición:** Trátase dunha cruz monolítica de granito de mediana altura (90 cm.). A súa principal característica é a irregularidade, pois tódolos seus brazos son desiguais.

**Historia:** Actualmente atópase fora do seu emplazamento e cun brazo roto. A cruz emplazouse neste lugar porque alí morrera un home ó caer do cabalo que montaba. Non foi posible que os informantes precisaran máis estes datos.

**PAPELETA N.º 42: SAN PEDRO DE ROMEAN**

**Ubicación:** No lugar denominado “O Cruceiro”, na intersección dun camiño coa carretera de Romeán ó Corgo.

**Orientación:** Noreste-Suroeste.

**Descrición:** Trátase dunha cruz de granito non monolítica de grandes dimensións (220 cm.), na que o pé fai as veces de fuste. Tódalas aristas están rebaixadas, agás as do extremo inferior do varal. O basamento está formado por dúas gradas cadrangulares. A peza caracterízase pola súa sinxeleza.

**Historia:** Según testemuñas dos veciños neste lugar morrera unha nena.

### PAPELETA N.º 43: S. XULIAN DE RUBIAS

**Ubicación:** Á beira da estrada nacional 640 de Lugo a Vegadeo.

**Orientación:** Noroeste-Sureste.

**Descrición:** Artístico cruceiro de granito con restos de policromía en azul. O basamento está formado por tres gradas cadrangulares. A basa de forma cúbica, ten na parte central un rebaixe en caveto.

As súas caras están recorridas por unha inscrición moi borrosa da que soio se pode ler: "... COUTO OBISPO DE LUGO...".

O fuste, octogonal no centro e cadrangular nos extremos, ten grabado na parte inferior do anverso a data de construción: "ANO 1887".

Como elementos decorativos aparecen en relevos os símbolos da paixón: lanza, esqueira de sete chanzos, tenazas, martelo e tres cravos.

O extremo superior ofrece en cada cara unha estrela de seis puntas inscrita nun círculo, agás a do anverso, onde podemos ler unha inscrición que di: "N.º 44". Remata o fuste nun capitel troncopiramidal invertido con volutas nos ángulos e querubins nas caras.

A cruz, cos extremos en forma de roseta cuadrifolia, amosa no anverso a figura estilizada de Cristo coa testa inclinada lixeiramente á dereita e o pé dereito superposto ó esquerdo. A cabeceira recolle a cartela do INRI, xa desdebuxada.

O reverso está dominado pola figura da Dolorosa, que cruza as mans sobor do ventre en actitude de oración. A súa cabeza aparece cuberta por un pano que lle chega case ós pés.

**Historia:** Según relatan as veciñas da parroquia, Magdalena e Encarnación de 73 e 76 anos respectivamente, hai moitos anos tres homes refuxiaronse dun trebón baixo uns castiñeiros. Dous deles ó senti-lo trono exclamaron: "zocas de macira!" e veu un raio e matou a dous deles, soio se salvou o señor José de García. En memoria deste suceso erixiuse o cruceiro.

Hai uns catro anos, este cruceiro foi trasladado unhas metros para separalo da estrada.

A existencia dunhos soportes de ferro, no capitel indica a posibilidade da existencia doutras figuras, posiblemente anxos, se ben hoxe non se conservan.

**PAPELETA N.º 44: SANTIAGO DE SAA**

**Ubicación:** No lugar de Vilamoure, a poucos metros da estrada local de Lugo a Portomarín.

**Orientación:** Noroeste-Sureste.

**Descripción:** Peto de ánimas con frontas de cantería e de mampostería o resto. O fornelo, de arco escarzano e protexido por unha verxa, cobixa unha imaxe de San Antón. O hastial recolle a inscrición: "LIMOSNA ANIMAS S. ANTONIO" e a data de 1923. Coroa o conxunto unha cruz cos brazos, cabeceira e pé de sección romboide.

**Historia:** Descoñecida.

Atópase recollido no "Inventario Artístico de Lugo y su provincia". Tomo V, páx. 447.

**PAPELETA N.º 45: SANTIAGO DE SAA**

**Ubicación:** No lugar de Vilamoure, nun cruce de camiños, a unhos setecentos metros da estrada de Lugo a Portomarín.

**Orientación:** Este-Oeste.

**Descripción:** Cruceiro de granito bastante mal conservado. O seu basamento está formado, por catro gradas cadrangulares, cubertas por espesa vexetación.

O varal de sección octogonal é liso, rematando nun capitel cos ángulos rebaixados, moldurado por un toro e unha escocia.

Á cruz de sección circular fáltalle a cabeceira e o brazo dereito, ofrecendo no anverso un desproporcionado Cristo co brazo esquerdo mutilado. A perna dereita está superposta á esquerda.

No reverso hai unha efíxie da Dolorosa coas mans cruzadas sobor do ventre, de tosca labra.

**Historia:** Descoñecida.

**PAPELETA N.º 46: SAN ROMAN DE SANTA CRISTINA**

**Ubicación:** No adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descripción:** Cruz de granito de proporcións considerables (140 cm. de altura). Presenta sección romboidal e os extremos sobresaintes, rematados en bolas. No anverso existe un rebaixe para colocar unha cruz ou imaxen que hoxe non se conserva. O seu basamento está constituído por dúas gradas de mampostería (de forma cadrangular) e unha basa de granito de igual forma.

**Historia:** Esta é a principal cruz que se conserva dun antigo "via crucis"

—probablemente do século XVIII— emplazado no muro que circunda o adro da eirexa parroquial. Das catorce cruces orixinais só quedan nove en pé, atopándose restos das outras dispersos polo adro (Véxanse as papeletas 46 a 55).

#### **PAPELETA N.º 47: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descrición:** Cruz monolítica de granito coas aristas rebaixadas agás nos extremos. A basa, tamén de granito, ten forma cúbica.

**Historia:** Integrante do “via crucis” reseñado na papeleta n.º 46.

#### **PAPELETA N.º 48: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descrición:** Cruz monolítica de granito coas aristas rebaixadas.

**Historia:** Integrante do “via crucis” citado na papeleta n.º 46.

#### **PAPELETA N.º 49: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descrición:** Cruz monolítica de granito coas aristas rebaixadas agás nos extremos. O basamento, no que se atopa incrustada, tamén é de granito e ten forma cúbica.

**Historia:** Integrante do “via crucis” reseñado na papeleta n.º 46.

#### **PAPELETA N.º 50: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descrición:** Cruz monolítica de granito coas aristas rebaixadas. A basa de granito é de forma cúbica, érguese sobor dun basamento de mampostería.

**Historia:** Integrante do “via crucis” citado na papeleta n.º 46.

**PAPELETA N.º 51: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descripción:** Cruz monolítica de granito coas aristas rebaixadas, agás nos extremos. O basamento de granito ten forma cúbica.

**Historia:** Integrante do “via crucis” citado na papeleta n.º 46.

**PAPELETA N.º 52: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descripción:** Cruz monolítica de granito, afincada nunha basa cúbica do mesmo material. Presenta as aristas rebaixadas a excepción dos extremos.

**Historia:** Integrante do “via crucis” reseñado na papeleta n.º 46.

**PAPELETA N.º 53: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descripción:** Cruz monolítica de granito lixeiramente desproporcionada. Ten as aristas rebaixadas agás nos extremos, atopándose afincada nunha basa cúbica non moi regular.

**Historia:** Integrante do “via crucis” citado na papeleta n.º 46.

**PAPELETA N.º 54: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descripción:** Cruz de granito monolítica e irregular polas mutilacións sufridas. Carece de basa e actualmente atópase asentada sobor dun dos brazos que fai a función de pé, alterando a súa posición orixinal.

**Historia:** Integrante do “via crucis” reseñado na papeleta n.º 46.

**PAPELETA N.º 55: SAN ROMAN DE STA. CRISTINA**

**Ubicación:** No muro que delimita o adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descrición:** Cruz de granito coas aristas rebaixadas agás nos extremos, que arranca dunha basa cadrangular. Esta cruz sufriu mutilacións na cabeceira e na basa, partes que posteriormente foron unidas o conxunto con cemento.

**Historia:** Integrante do “via crucis” reseñado na papeleta n.º 46. A ubicación deste “via crucis”, ó que pertencen as cruces comprendidas entre as papeletas 45 e 55, podería ter relación coa existencia nesta parroquia dun importante núcleo de canteiros, según se recolle no “Inventario Artístico de Lugo y su provincia” (Tomo V).

#### PAPELETA N.º 56: SANTA MARIA DE TEIXEIRO

**Ubicación:** No cruce da estrada de Lugo a Vegadeo co camiño da eirexa.

**Orientación:** Este-Oeste.

**Descrición:** Trátase dun sinxelo cruceiro co basamento incrustado nun valado. O varal ten as aristas rebaixadas e remata nun capitel composto de equino e ábaco, separados por un filete ou listel. A cruz, sen efies, ofrece as aristas rebaixadas a excepción dos extremos.

**Historia:** Descoñecida.

Aparece citado no “Inventario Artístico de Lugo y su provincia”. Tomo VI, páx. 95.

#### PAPELETA N.º 57: SAN XOAN DE TIRIMOL

**Ubicación:** No lugar de Bagueixos, á beira dunha pista.

**Orientación:** Este-Oeste.

**Descrición:** Érguese este cruceiro sobor dun basamento consistente nun gran chanto de pizarra. A basa, formada por unha soia peza de granito comenza sendo circular, transformándose gradualmente en cadrangular.

O fuste ten as aristas rebaixadas convertíndose en volutas ó chegar ó capitel. Os seus extremos están sulcados por unha profunda escocia.

O capitel é de forma troncopiramidal invertida con volutas nos ángulos e querubíns nas caras. A parte inferior do mesmo aparece recorrida por unha inscrición na que pode lerse: “LO HIZO EN / EL AÑO D 1848 / SIMON / REBOLO”.

Soporta o capitel unha cruz de sección circular coa figura de Cristo no anverso. De tosca labra, este Cristo inclina lixeiramente a cabeza sobor da diestra e superpón o pé dereito sobor do esquerdo. Na cabeceira atópase, xa borrosa, a cartela do INRI. No reverso aparece a Dolorosa coas mans cruzadas sobor do ventre e capa da testa ós pes, onde se atopan tres anxelotes que lle serven de soporte.



**Historia:** Descoñecida. Aparece citado no “Inventario Artístico de Lugo y su provincia”. Tomo VI, páx. 101.

#### **PAPELETA N.º 58: SAN XOAN DE TIRIMOL**

**Ubicación:** No adro da eirexa parroquial.

**Orientación:** Non recollida.

**Descripción:** Trátase dunha cruz de granito de mediana altura (85 cm.) coas aristas rebaxadas. Atópase arrimada a un muro dentro do adro da eirexa, sendo descoñecido o seu primitivo emplazamento.

**Historia:** Descoñecida.

#### **PAPELETA N.º 59: SAN XOAN DE TIRIMOL**

**Ubicación:** No lugar de Pedrouzón, na casa de Barbás, sobor da cuberta dun pozo excavado na pena.

**Orientación:** Norte-Sur.

**Descripción:** Trátase dunha sinxela cruz de granito de reducidas dimensións (66 cm. de altura). As suas aristas están rebaxadas excepto nos extremos, que ofrecen unha sección cadrangular. O basamento consiste nunha peza troncopiramidal lixeiramente irregular.

**Historia:** Na casa contigua hai unha inscrición que recolle a data de construción da casa: “18..”, que según os actuais propietarios da mesma pode corresponder tamén á da apertura do pozo e emplazamento da cruz.



Figura 34



Figura 35



Figura 36






Figura 37



**Figura 38**



**Figura 39**



**Figura 40**



**Figura 41**




**Figura 42**



**Figura 43**



**Figura 43 bis**




**Figura 44**




**Figura 45**



**Figura 46**



**Figura 47**




**Figura 48**




**Figura 49**




**Figura 50**




**Figura 51**




**Figura 52**




**Figura 53**



**Figura 54**



**Figura 55**



**Figura 56**




**Figura 57**



**Figura 57 bis**




**Figura 58**



**Figura 59**



# Municipio De Lugo



\* cruceiros

• cruces

★ P. de ánimas

● via-crucis